

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 24 TRABALLADORES/AS, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DA LIÑA 3 DO PLAN PLAN CONCELLOS 2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular as bases para a selección e contratación laboral temporal de **28 traballadores/as**, ao abeiro dunha subvención da LIÑA 3 DO PLAN CONCELLOS 2021, de conformidade coas bases e convocatoria aprobadas pola Deputación Provincial de Pontevedra e publicadas no BOPPO núm. 1 do 04/01/2021.

Os postos de traballo a cubrir, así como as obras/servizos a desenvolver, son os que se indican na seguinte táboa.

As características e requisitos específicos de cada posto, así como o tipo de proba a desenvolver por cada ocupación, veñen especificadas nos anexos, do 4 ao 17 das presentes Bases.

OCUPACIÓN	Nº TRAB	OBRA/SERVIZO	DURACIÓN	ANEXOS
AUXILIAR DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	2	Apoio ao dep de turismo	5 meses	ANEXO 4
AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	2	Apoio a dep. Intervención apoio ao dep de emprego	6 meses 7 meses	ANEXO 5
TRABALLADOR SOCIAL	1	Apoio a Servizos Sociais	6 meses	ANEXO 6
TÉCNICO SECRETARÍA	1	Apoio á Secretaría Xeral	6 meses	ANEXO 7
TÉCNICO DE COMERCIO	1	Apoio ao dep de comercio	6 meses	ANEXO 8
CONSERXE	1	Apoio ao dep de deportes	7 meses	ANEXO 9
TÉCNICO CONTRATACIÓN	1	Apoio ao dep de contratación municipal	7 meses	ANEXO 10
ARQUITECTO TÉCNICO	1		7 meses	ANEXO 11
CONDUTOR/A DE CAMIÓN	1	Apoio ao departamento de obras	8 meses	ANEXO 12
CONDUTOR/A DE RETROEXCAVADORA	1		6 meses	ANEXO 13
CONDUTOR/A DE TRACTOR DESBROZADORA	2		6 meses	ANEXO 14
PEÓN/A DE OBRAS	6		6 meses	ANEXO 15
PEÓN/A ALBANEL/A	4		7 meses	ANEXO 16
PEÓN FORESTAL	4		7 meses	ANEXO 17

SEGUNDA. Requisitos xerais dos/as aspirantes

1. Os/as aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos xerais :

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, a respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar na instancia, sinalando se precisan adaptacións para a realización das probas, e especificando tales adaptacións.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non haber sido inhabilitado, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria, ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.
- Ter a condición de persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado/a e estar dispoñible para o emprego (base reguladora 8.3 do Plan Concellos 2021).
- Ser convocado/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia: figurar no sondeo remitido pola Oficina de Emprego de Lalín, correspondente á oferta pública de emprego presentada polo Concello, na categoría profesional e coas titulacións e requisitos específicos requiridos en cada unha delas.

2. Non poderán participar nesta convocatoria as persoas que estiveran contratadas polo Concello de Lalín durante máis de vinte catro (24) meses nun período de trinta (30) meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, na mesma ou diferente modalidade contractual de duración determinada, para os efectos do previsto no artigo 15.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

3. Todos os requisitos deberán posuílos os/as aspirantes no momento da selección e conservalos na data de formalización do contrato como persoal laboral temporal do Concello de Lalín.

TERCEIRA. Preselección de aspirantes

1. De conformidade coa base reguladora 8.3. do PLAN CONCELLOS 2021, para a selección de aspirantes o Concello de Lalín solicitará aos candidatos/as mediante a presentación da correspondente oferta de emprego, por cada categoría profesional, na oficina pública de emprego de Lalín. A selección definitiva das persoas traballadoras realizarase de entre as persoas candidatas que sexan remitidas por este organismo, non sendo admitido/a ningún candidato/a que non sexa preseleccionado/a e convocado/a polo Servizo Público de Emprego.

CUARTA. Publicidade da convocatoria das Bases

1. As bases do proceso selectivo estarán a disposición das persoas interesadas na páxina web municipal (www.lalin.gal) e na sede electrónica.

2. Os anuncios do procedemento de selección publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica e na páxina web municipal.

QUINTA. Contido e desenvolvemento do proceso selectivo

A selección de candidatos/as realizarase a través do sistema de concurso-oposición.

a) Fase de oposición

1. A fase de oposición constará de un (1) exercicio:

a) PROBA. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba tipo test ou dun suposto práctico relacionados coas funcións do posto a desenvolver, segundo as ocupacións que se especifican no seguinte cadro:

TIPO PROBA	OCUPACIÓNS
PROBA TIPO TEST	• Auxiliares Información turística • Auxiliares administrativos • Traballador Social • Técnico Secretaría • Técnico Comercio • Arquitecto Técnico • Técnico Contratación • Conserxes
PROBA PRÁCTICA	• Condutor Camión • Condutor pala retroexcavadora • Condutores tractor desbrozadora • Peóns de obras públicas • Peóns albanel • Peóns forestal

O tempo máximo para a realización desta proba será de ata trinta (30) minutos. (segundo Anexos, do 4 ao 17 das presentes Bases). En función da natureza da proba a desenvolver o Tribunal poderá establecer unha duración diferente para a realización da mesma, sempre que non supere os 30 minutos

A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a vinte (20) puntos. Os/as aspirantes que non acaden unha puntuación de dez (10) puntos terán a consideración de non aptos/as e quedarán excluídos/as do resto do proceso selectivo.

Sen prexuízo do anterior, no caso de non existir candidatos/as suficientes para proseguir co proceso selectivo, o Tribunal poderá establecer unha nova nota de corte co obxecto de garantir a cobertura dos postos de traballo a seleccionar, ou ben solicitar unha nova sondaxe ante a Oficina de Emprego de Lalín, co obxecto de que remita novos candidatos/as ao posto.



A data e lugar de realización das probas será publicada no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do concello (www.lalin.gal)

2. As persoas aspirantes concorrerán á realización dos exercicios provistas co seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal e dos medios materiais necesarios para a realización das probas. Serán convocadas en chamamento único, quedando excluídas as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal. O Tribunal poderá requirir en calquera momento do proceso que acrediten a súa identidade.

3. Finalizado exercicio, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes coas puntuacións obtidas e os/as declarados/as non aptos/as a efectos de exclusión do resto do proceso selectivo.

As persoas declaradas aptas disporán dun prazo de 3 días hábiles, desde a data de publicación da relación de aptos na fase oposición, co obxecto de presentar a documentación requirida para a baremación da Fase de Concurso.

b) Fase de concurso

1. A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos curriculares aportados polos/as aspirantes, tendo en conta a natureza e características da praza convocada, e na aplicación dos criterios de preferencia social establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos 2021.

2. De conformidade coa base reguladora 8.3 do Plan Concellos 2021, sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráselles preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:

- a) Vítimas de violencia de xénero.
- b) Persoas candidatas maiores de 45 anos e aquelas que acrediten unha discapacidade superior ao 33%.
- c) Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos/as ao seu cargo.
- d) Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa.

e) Persoas candidatas con cargas familiares.

Estes colectivos priorizaranse por puntuación, conforme ao establecido no ANEXO I.

3. A presentación de méritos e demais documentación realizarase ben por sede electrónica (www.lalin.sedelectronica.gal), ou ben no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, en horario de 8.00 a 15.00 horas, mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Lalín. O modelo de instancia figura no ANEXO 2 das presentes bases.

4. A instancia deberá ir acompañada da documentación necesaria para acreditar os criterios de preferencia e a baremación de méritos especificada no ANEXO 1 .

5. A valoración dos méritos curriculares, formación complementaria e experiencia profesional, poderá acadar unha puntuación máxima de nove (9) puntos. A valoración dos criterios sociais de preferencia acadarán límite máximo de puntuación de cinco (5) puntos.

SEXTA. Tribunal Cualificador

1. O Tribunal encargado da selección estará integrado por cinco (5) membros, coa seguinte composición:

- Presidente/a.
- Secretario/a.
- 3 Vogais.

2. A composición nominal dos membros do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e aprobarase por Resolución da Alcaldía que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros e deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado.

.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SÉTIMA. Cualificacións e proposta do Tribunal

1. Finalizada a fase de oposición, o Tribunal fará pública a relación provisional de aspirantes coas puntuacións obtidas e os/as declarados/as non aptos/as a efectos de exclusión do resto do proceso selectivo. Transcorridos 3 días hábiles desde a publicación, onde as persoas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas, procederase a elevar a definitivo dito listado, publicando a correspondente Acta, que incluírá a relación provisional de baremación da fase de concurso.

2. Os candidatos/as disporán dun prazo de 3 días hábiles desde a publicación, onde as persoas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas á á baremación provisional da fase de concurso. Transcorridos eses 3 días hábiles, procederase a elevar a definitivo dito listado e publicar a Acta final de selección.

.

3. A cualificación final será a resultante da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. No caso de producirse un empate entre candidatos/as, dirimirase conforme a: 1º/ Maior puntuación nos criterios sociais de preferencia. 2º/ Maior puntuación na proba práctica da fase de oposición. 3º/ Maior puntuación na valoración de méritos da fase de concurso. No caso de persistir o empate resolverase mediante unha proba práctica, a determinar polo Tribunal.

4. O Tribunal elevará á Xunta de Goberno Local esta relación propoñendo a contratación dos candidatos/as que obtiveran a maior puntuación final.

5. As persoas seleccionadas deberán acreditar, antes da sinatura do contrato, a súa situación como desempleado, mediante certificación do Servizo Público de Emprego, que o persoal do departamento municipal de emprego solicitará de oficio á Oficina de Emprego de Lalín.

6. Aquelas persoas seleccionadas que non poidan acreditar no día a situación de desemprego non poderán ser contratadas. Neste caso , formularase proposta adicional a favor da persoa candidata quen lle siga na orde de puntuación.

7. Cos/as aspirantes que superasen o proceso pero non resultasen seleccionados/as, se os houbera, determinados/as por orde descendente de puntuación, serán propostos/as polo Tribunal, elevando proposta, para formar unha lista de reserva para cubrir posibles renuncias, baixas, vacantes temporais ou circunstancias sobrevidas do persoal durante o desenvolvemento do plan.

OITAVA. Incompatibilidades

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu Regulamento.

NOVENA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

DÉCIMA. INCIDENCIAS.

O Tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presenta a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO PRIMEIRA. RÉXIME XURÍDICO

O proceso selectivo regularanse polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei.

Avelino Souto Rozados
Concelleira de emprego.

ANEXO 1 CRITERIOS DE PREFERENCIA E BAREMO DE MÉRITOS

A/ CRITERIOS DE PREFERENCIA (Base reguladora 8ª do Plan Concellos 2021) -	PUNTOS maximo 5 puntos
1. VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO Acreditarase por calquera das formas que establece o artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.	1,50
2. PERSOAS CANDIDATAS MAIORES DE 45 ANOS Acreditarase coa presentación do Documento nacional de identidade (DNI) ou tarxeta acreditativa expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns nacionais doutros estados.	1,00
3. PERSOAS QUE ACREDITEN UNHA DISCAPACIDADE SUPERIOR AO 33%, sempre e cando non lle impidan o desenvolvemento das funcións propias do posto Acreditarase mediante certificado de discapacidade	1.00
4. PERSOAS CANDIDATAS QUE FORMEN UNHA FAMILIA MONOPARENTAL CON FILLOS/AS AO SEU CARGO Acreditarase mediante certificado de convivencia xunto con algún dos seguintes documntos: libro de familia, sentenza xudicial de separación/divorcio e/ou sentenza aprobatoria do convenio regulador no que se determine a garda e custodia dos/as menores a cargo ou certificado administrativo de monoparentalidade expedido pola Comunidade Autónoma. No caso de separacións de feito: informe dos Servizos Sociais do Concello de Lalín acreditativos do feito de ser familia monoparental.	0,75
4. PERSOAS CANDIDATAS CON NIVEIS DE RENDA MÁIS BAIXA Acreditarase cos seguintes documentos: Declaración xurada dos ingresos da unidade familiar. (segundo ANEXO 3)	0,50 (Ingresos iguais ou inferiores ao 75% do IPREM)
5. PERSOAS CANDIDATAS CON CARGAS FAMILIARES Acreditarase con algún dos seguintes documentos: - No caso de fillos/as menores de 26 anos a cargo, certificado de convivencia xunto co libro de familia. - No caso doutras persoas a cargo, certificado de convivencia máis informe médico ou certificado de discapacidade ou certificado de dependencia ou resolución administrativa de acollemento ou de garda con fins adoptivos, no seu caso. - No caso de persoas separadas/divorciadas, considerarase ter persoa a cargo aquelas persoas que teñan a custodia determinada na sentenza, que deberán xuntar a efectos de xustificación este punto.	0,10 (por persoa a cargo)

B/ BAREMO DE MÉRITOS - Máximo 9 puntos	PUNTOS
1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Cursos de especialización, formación continua en materias relacionadas coas funcións do posto convocado. Cursos de 30 a 49 horas 0,10 (ata un máximo de 1 punto) Cursos de 50 a 99 horas 0,20 (ata un máximo de 1 punto) Cursos de 100 a 500 horas 0,30 (ata un máximo de 1 punto) Cursos a partir de 500 horas 0,50 (ata un máximo de 1 punto) Acreditaranse mediante documento xustificativo da formación cursada (certificación, diploma ou título acreditativo). Non se valorarán os cursos nos que non se especifiquen as horas de duración ou o número de créditos, agás naquelas titulacións propias das universidades. Cando o documento xustificativo especifique a duración en créditos, salvo que certifique outra cousa, entenderase que 1 crédito equivale a 10 horas e 1 crédito ECTS equivale a 25 horas.	(MAXIMO 4 PUNTOS)
2. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Experiencia en tarefas directamente relacionadas co posto convocado. 0,10 por cada mes na Administración Pública 0,05 por cada mes en entidades privadas Acreditarase mediante vida laboral actualizada máis copia do contrato de traballo ou certificado de empresa, copia do contrato de servizos e alta no réxime da Seguridade Social correspondente no caso de traballadores/as autónomos/as ou certificación expedida pola Administración pública na que prestou servizos no caso das traballadores/as públicos/as, facendo constar o posto que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.	(MAXIMO 5 PUNTOS)

ANEXO 2 INSTANCIA

INSTANCIA DE PRESENTACIÓN DE MÉRITOS PLAN CONCELLOS 2021

NOME			
APELIDOS			
DNI		DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO			
TELÉFONO		EMAIL	

Convocado/a polo SEPE no proceso de selección do Concello de Lalín para a contratación laboral temporal:

DENOMINACIÓN DO POSTO	
--------------------------	--

DECLARO

- 1) Reunir os requisitos sinalados nas Bases Reguladoras do proceso de selección para a contratación de 28 traballadores/as, como persoal laboral temporal, ao abeiro da LIÑA 3 do PLAN CONCELLOS 2021, que declara coñecer.
- 2) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- 3) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparme inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- 4) Non estar incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente.

Así mesmo,

AUTORIZA á Administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo, ao acceso ao certificado de convivencia co obxecto de valorar a unidade familiar, á solicitude ao SEPE do certificado de situación de desemprego e á gravación da proba práctica.

Lalín, a _____ de _____ de 2021

Asdo. (sinatura)

.

ANEXO 3

DECLARACIÓN CRITERIOS DE PREFERENCIA

Don/Dona, con DNI/
NIE, candidato/a á selección de traballadores/as,
por parte do Concello de Lalín, ao abeiro do PLAN CONCELLOS 2021,

DECLARO Que os datos que seguidamente se relacionan son verdadeiros:

1. Que son considerada VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

☐ SI

☐ NON

2. Que son maior de 45 anos.

☐ SI

☐ NON

3. Que posúo unha minusvalía superior ao 33%.

☐ SI

☐ NON

4. Que son FAMILIA MONOPARENTAL, con fillos/fillas a cargo.

☐ SI

☐ NON

5. Que os meus niveis de renda, da miña unidade familiar son iguais ou inferiores
ao 75% do IPREM establecido para o ano 2021(IMPREM=564,90€)

☐ SI

☐ NON

1. Para os efectos de establecer a unidade familiar, tómasse como criterio o establecido no artigo 82 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos de Sociedades, sobre a renda de non Residentes e sobre o Patrimonio que establece as modalidades de unidade familiar:

1º.- A integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houberse:

- Con fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais vivan independentemente destes.
- Con fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

2ª.- Nos casos de separación legal, ou cando non exista vínculo matrimonial, a formada polo pai ou a nai e todos os fillos que convivan con un ou outro e que reúnan os requisitos a que se refire a regra 1ª deste artigo.

2. Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

3. A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente a 31 de decembro de cada ano.

6. Que son PERSOA CANDIDATA CON CARGAS FAMILIARES.

☐

SI

☐

NON

Que para a acreditación dos puntos arriba indicados presento a documentación xustificativa, segundo o estipulado no baremo de criterios de preferencia e méritos, Anexo 1 das presentes bases de selección

E para que así conste, asino a presente declaración.

Lalín, de de 2021

Asinado:

ANEXO 4

AUXILIARES INFORMACIÓN TURÍSTICA

Características do posto

- Denominación e número de postos: **2 AUXILIARES DE INFORMACIÓN TURÍSTICA**
- Tipo: Persoal laboral temporal.
- Modalidade contractual: Contrato laboral por obra ou servizo determinado, coas cláusulas específicas de traballos de interese social
- Xornada laboral: A tempo completo.
- Duración do contrato: A duración prevista será de **5 meses**, tendo presente que a data tope de finalización do contrato non poderá superar o **31/12/2021**.
- Retribución mensual: **1.108,34 euros brutos mensuais** (incluída a prorrata das pagas extraordinarias).

Requisitos específicos

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Ciclo superior en guía, información e asistencia turística
- Diplomatura/grao en turismo

Obra ou servizo a desenvolver

De conformidade coa memoria do proxecto de subvención, a persoa seleccionada realizará, xunto cos técnicos municipais, labores de apoio no departamento de turismo, desenvolvendo as seguintes actividades:

- Posta en valor de distintos lugares do Concello a través de pequenas intervencións.
- Colaboración na sinalización turística do Municipio.
- Visitas guiadas polo Pazo de Liñares e a Casa Consistorial.
- Atención ao público na Oficina de Turismo.
- Colaboración nos murais do Camiño de Santiago.

Fase oposición. Desenvolvemento da proba.

Consistirá nun suposto teórico-práctico relativo ás actividades a desenvolver. Contará dun máximo de 20 preguntas, que poderán ser tipo test ou de resposta curta, cunha puntuación máxima de 20 puntos, sendo necesario un mínimo de 10 para poder superar dita proba. O tempo máximo de desenvolvemento desta proba será de 30 minutos.

Temario orientativo:

TEMA 1: Concepto de Turismo. Definicións e conceptos básicos da actividade turística.

TEMA 2: O funcionamento das Oficinas de Turismo: xestión, información, atención ao visitante

TEMA 3: Principais recursos turísticos do Concello de Lalín e da Comarca do Deza.

TEMA 4: Principais servizos turísticos no Municipio de Lalín: infraestruturas, aloxamentos, restaurantes, eventos, feiras, espazos a visitar.

TEMA 5: Fomento da calidade turística “Q”

ANEXO 5

AUXILIARES ADMINISTRATIVOS

Características do posto

- Denominación e número de postos: **2 AUXILIARES ADMINISTRATIVOS** (1 auxiliar administrativo para o departamento de emprego, cunha duración de 7 meses e 1 auxiliar administrativo para o departamento de intervención, cunha duración de 6 meses)
- Tipo: Persoal laboral temporal.
- Modalidade contractual: Contrato laboral por obra ou servizo determinado, coas cláusulas específicas de traballos de interese social
- Xornada laboral: A tempo completo.
- Duración do contrato: A duración prevista será de **7 meses**, para a persoa seleccionada para o departamento de emprego e **6 meses** para a persoa seleccionada para o departamento de intervención, tendo presente que a data tope de finalización do contrato non poderá superar o 31/12/2021.
- Retribución mensual: **1.108,34 euros brutos mensuais** (incluída a prorrata das pagas extraordinarias).
- Modo de seleccionar á persoa traballadora para cada departamento: a persoa candidata con maior puntuación desenvolverá a súa labor no departamento de emprego, sendo a segunda en puntuación a que realizará as súas funcións no departamento de intervención.

Requisitos específicos

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Ciclo superior en administración e finanzas ou equivalente.
- Ciclo medio en xestión administrativa ou equivalente.

Obra ou servizo a desenvolver

De conformidade coa memoria do proxecto de subvención, a persoa seleccionada realizará, xunto cos técnicos municipais, labores de apoio no departamento de emprego:

.

- Apoio na xestión e tramitación administrativa básica
- Xestión de atención personalizada presencial e telefónica de posibles beneficiarios.

De conformidade coa memoria do proxecto de subvención, a persoa seleccionada realizará, xunto cos técnicos municipais, labores de apoio no departamento de intervención:

- Actualización e rexistro de facturas
- Apoio na xestión e tramitación administrativa básica relativa aos expedientes do departamento relacionados con facturación.
- Dixitalización e arquivo de documentación

Fase oposición. Desenvolvemento da proba.

